



**BANDO**

**CONSULTA DO CENSO ELECTORAL PARA AS ELECCIÓNS AO  
PARLAMENTO DE GALICIA 2020**

**D. Enrique Cabaleiro González, alcalde do Concello de Tui**

**FAI SABER:**

O 19/05/2020 publicouse no Diario Oficial de Galicia número 96 o Decreto 72/2020, de 18 de maio, de convocatoria de eleccións ao parlamento de Galicia que terán lugar o 12 de xullo de 2020.

Tendo en conta as instrucións para servicios de consulta municipais remitidas pola Delegación Provincial do INE de Pontevedra, con rexistro de entrada nº 2996 de 21/05/2020.

Tendo en conta que de conformidade co artigo 39.2 da Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral: "*Los ayuntamientos y consulados estarán obligados a mantener un servicio de consulta de las listas electorales vigentes de sus respectivos municipios y demarcaciones durante el plazo de ocho días, a partir del sexto día posterior a la convocatoria de elecciones. .../...*"

Comunícase que **dende o día 25 de maio ata o 1 de xuño, ambos os dous incluídos, os electores poderán consultar os seus datos de inscrición no censo electoral.**

A consulta realizarase por medios informáticos, previa identificación do interesado.

Teléfono de consulta Concello de Tui: 986603625 en horario de 9:00h a 14:00 h.

Así mesmo infórmase que durante o citado periodo publicarase na Sede Electrónica do Concello de Tui relación de Mesas e Locais electorais enviada polo Censo Electoral.

O que se fai público para o seu coñecemento.  
Data do documento e sinatura electrónica á marxe

